

## REFERENCIAS HISTÓRICAS NA OBRA NARRATIVA DE MANUEL LUGRÍS FREIRE<sup>1</sup>

MARÍA VILARIÑO SUÁREZ  
*Universidade da Coruña*

Na presente comunicación trataremos de identificar, en primeiro lugar, os relatos de Manuel LUGRÍS FREIRE claramente ambientados en diferentes épocas históricas para, a seguir, clasificalos segundo o período histórico ao que pertencen (tratando, sempre que for posíbel de agrupalos en períodos) e segundo a relevancia que estes apuntamentos históricos teñen para o desenvolvemento da trama.

Cómpre precisar, pois, que non se trata de afirmarmos a existencia dunha liña temática histórica claramente caracterizada dentro da narrativa lugrisiana senón de determinar o uso que LUGRÍS FREIRE fai dos elementos históricos en boa parte das súas narracións breves para presentar os feitos ou para xustificar o desenvolvemento dalgúns dos relatos.

Como iremos vendo na análise detallada dos relatos, o feito de traballarmos con narracións breves imprime no traballo sobre a narrativa histórica unha serie de particularidades e dificultades que deberán ser tidas en conta: a práctica imposibilidade de realizarmos unha caracterización exhaustiva dos personaxes que aparecen máis suxeridos que definidos, a grande dificultade á hora de atender a outros aspectos xenéricos como a estrutura da narración, etc.

.....

Como paso previo á análise dos textos narrativos procederemos a realizar un breve achegamento a personalidade e á figura literaria de LUGRÍS.

Manuel LUGRÍS FREIRE nace na coruñesa vila de Sada en 1863 no seo dunha familia con tradición comercial mais que estaba a pasar por dificultades económicas derivadas da perda do negocio paterno. Estas circunstancias motivan o comezo do traballo de LUGRÍS unha vez rematada a instrucción primaria como escribán no concello de Oleiros. Xavier

---

<sup>1</sup> Esta comunicación foi presentada no IX Congreso da Associação Internacional de Lusitanistas celebrado en Madeira entre o 4 e o 9 de agosto de 2008 e foi realizada dentro do proxecto de investigación “Narrativa. Discurso da historia e construción da identidade en Galiza” financiado pola Consellaría de Industria da Xunta de Galicia e con código PGIDIT07PXIB104151PR dentro do Programa de promoción xeral da investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica (INCITE).

Campos (2006: 9) sinala que o camiño a pé desde a súa casa até o concello de Oleiros onde traballaba será fonte constante de inspiración paisaxística para a súa obra literaria. Durante estes anos escribe unha obra en castelán, *Nociones generales de mitología*, da que unicamente coñecemos o seu título.

Cumpridos os vinte anos, en 1883, emigra a Cuba e comeza a traballar como contábel. A toma de contacto coa emigración galega na Illa é inmediata e tan só un ano despois da súa chegada é designado vogal do Centro Gallego da Habana. Máis alá da súa actividade profesional, Lugrís dedica a maior parte do seu tempo á labor xornalística. Comeza a colaborar en *El eco de Galicia* (1878-1902), *Galicia Moderna* (1885-1890) e *La tierra gallega* (1894-1896) entre moitas outras revistas e xornais da emigración galega en Cuba. No ano 1885 funda xunto con Ramón Armada Teixeiro *A Gaita Gallega* (1885-1889), primeiro xornal integramente escrito en galego. Nesta publicación comeza a pór en práctica unha das súas características máis destacábeis: o uso constante de pseudónimos, mesmo convertidos, algúns deles, en personaxes dentro dalgunha das súas obras. Algúns destes pseudónimos son: K.Ñoto, L.U. Gris. Asieumedre, Manecho ou Roque d'as Mariñas que figura como director d'*A Gaita Gallega* xunto con Chumín de Céltegos, é dicir, Armada Teixeiro.

Até 1894 non aparecerán as primeiras obras literarias do autor, o poemario *Soidades (versos en gallego)* prologado por Curros Enríquez e a obra teatral *A costureira d'aldea*. Nestas obras está xa patente a grande obsesión (máis que literaria vital) de Lugrís: a asunción do papel do pobo galego na historia e a súa dignificación a todos os niveis que non pode levarse a cabo sen a necesaria dignificación da súa lingua.

Dous anos máis tarde (en 1896) regresa a Galiza acompañado pola súa muller, a cubana Concepción Orta que morrerá pouco despois, a dor causada por esta perda déixao sumido nun período de escuridade e tristura que derivará na publicación do seu segundo poemario: *Noitebras* (1901). Casa por segunda vez coa coruñesa Pura González, nai de cinco dos seus seis fillos. Instalado na cidade da Coruña comeza a relacionarse coa intelectualidade galega residente na cidade. Participa da Cova Céltica xunto con Manuel Murguía, Eduardo Pondal, Uxío Carré, Eladio Rodríguez González, Andrés Martínez Salazar entre outros moitos destacábeis nomes. A participación neste faladoiro contribúe significativamente a afortalar ideoloxicamente a Lugrís; é membro da comisión reitora da Liga Gallega da que será presidente desde 1906 até o seu fin ao ano seguinte. En 1907 funda co ferrolán Rodrigo Sanz, *Solidaridad Gallega* (1907-1912), agrupación rexionalista

paralela das xurdidas en Cataluña. Segue a cultivar a súa faceta xornalística coa colaboración en grande número de publicacións afincadas tanto en Galiza como nos países da emigración: *Galicia* (A Habana 1902-1930), *Vida Gallega* (A Habana, 1938-1951), *Eco de Galicia* (A Habana, 1917-1936), *El Eco de Galicia* (Montevideo, 1892-1926), *O Tío Marcos da Portela* (1876-1889), *Revista Gallega* (A Coruña, 1895-1907), *El Barbero Municipal* (Rianxo, 1910-1914) e, por suposto *A Nosa Terra*, publicación na que suma máis de oitenta colaboracións entre as dúas etapas da mesma.

Sucede a Galo Salinas na presidencia da Escola Rexional de Declamación (1903-1904) que levará ao escenario as súas obras *A ponte* (1903), *Minia* (1904) e *Mareiras* (1904). A súa última obra teatral nesta etapa, *Esclavitú* non será levada á escena até 1910 malia que fora publicada xa en 1906. Posteriormente publica e representa *O paço* (1917) e *Estadeíña* (1919).

Seguindo coa súa traxectoria asociativa, Lugrís, ingresa e participa activamente das actividades das Irmandades da Fala desde o mesmo intre do seu nacemento, será enérxico defensor e propagador do ideario do Partido Galeguista e chegará á presidencia da Real Academia Galega (da que fora membro numerario desde o seu nacemento en 1906) en 1934 malia que permanecerá no cargo unicamente un ano, xustificando a súa renuncia ao cargo no seu mal estado de saúde.

Como narrador ten xa publicado múltiples relatos cando en 1909 realiza a primeira escolla destes que verá a luz co título de *Contos por Asieumedre*. A edición orixinal contén 28 contos. Deles 25 son comúns á edición máis divulgada que será a de 1920, onde se eliminan tres e se engaden dous novos co que esta segunda edición consta dun total de 27 relatos. A día de hoxe existe unha compilación completa, realizada por Xabier Campos Villar<sup>2</sup>, que inclúe todas estas narracións e engade todas aquelas publicadas na prensa periódica tanto dentro do territorio galego como na emigración deixando a cifra final en 56 relatos que constitúen o total da produción narrativa de Manuel Lugrís Freire. Dezasete delas conteñen algún tipo de referencia histórica, nalgúns casos moi próxima ao tempo da escrita. Malia que este é un aspecto que provoca discusións entre os estudosos da novela histórica non desbotaremos relatos por recolleren feitos próximos temporalmente ao intre na escrita senón por se trataren de narracións nas que o feito ou a referencia histórica non ten relevancia algunha para o desenvolvemento da trama nin para as conclusións que dela se pretenden tirar. Non entramos así nas disquisicións acerca da pertinencia ou non de

---

<sup>2</sup> Campos Villar, Xabier (2006, reed.): *A obra narrativa en galego de Manuel Lugrís Freire*, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela. Todos os textos son citados por esta edición.

considerarmos narración histórica unicamente aquela que se afasta sesenta anos do tempo da súa construción como sinalara Walter Scott, a que se distancia unha ou dúas xeracións, entre trinta e cincuenta anos, etc e tomamos como única referencia ao respecto a feita por Celia Fernández Prieto cando sinala acerca desta cuestión que:

La novela histórica, por su parte, sitúa su diégesis en un período del pasado, más o menos lejano, pero en cualquier caso *reconocible como histórico* por los lectores. (Fernández Prieto 2003: 189).

Malia que esta débeda establecida coa percepción do lector non sempre deba ser aplicábel resúltanos de grande utilidade na análise que acometeremos dos relatos de Lugrís Freire posto que, como sinalábamos, incluiremos na nómina de narracións a analizarmos algunhas que amosan unha temporalización interna situada arredor de vinte anos antes da súa creación xustificando a súa escolla no feito de seren textos que reflicten acontecementos de grande importancia ou que presentan algunha particularidade xenérica con respecto a outros. Así incluimos nesta enunciación os relatos “O carneiro” e “Tiña razón” que responden a un tempo vivido xa polo autor aínda que situado na súa infancia e “A labor do poeta” que diverxe xenericamente das restantes narracións polo que conta como veremos cunha especificidade propia.

Dos mencionados dezasete relatos con algún tipo de referencia histórica seleccionamos os trece que aparecen relacionados no seguinte cadro seguindo a súa orde cronolóxica de publicación. Desbotamos catro relatos por conteren referencias puntuais e imprecisas que non afectaban en absoluto á confección e análise do relato e presentamos dentro dos escolleitos “O penedo do crime” pola súa consideración de novela breve que trataremos a seguir:

Relato	Data de publicación	Órgano de publicación	Marco xeográfico e temporal
O penedo do crime	14-IX-1884	El eco de Galicia	1790
Pola patria. (Episodio da guerra da Independencia en Galicia)	1-V-1898	Revista Gallega	01-VII-1809
O primeiro sangue	11-IX-1907	A Nosa Terra	–terras do Nilo –“nos vellos tempo dun Tolomeo”
A illa milagreira	26-IX-1907	A Nosa Terra	–Illa de Sálvora –1840

Unha regueifa	19-XII-1907	A Nosa Terra	1337
A espada do fidalgo	4-II-1908	A Nosa Terra	7-IX-1658
O carneiro	19-II-1908	A Nosa Terra	“aló polo ano 72...”
Tiña razón	26-II-1908	A Nosa Terra	12-II-1873
A labor do poeta	21-III-1908	A Nosa Terra	“Aló polo ano de 1888...”
O francés	27-V-1908	A Nosa Terra	1823
A libertade, o lobo e mail-o can	4-VI-1908	A Nosa Terra	“Consta dun vello pergameo, atopado nos cimentos dunha pirámide exipcia, que aló nos comezos da historia, dinantes de que os fillos de Tiro e Sidón viñesen nas súas barcas raras e fermosas a visita-las praias da Iberia...”
O verbo	1920	Contos de Asieumedre (2º edición)	“Nos tempos en que Zoroastro...”
Lenda de Brigo	1-VII-1924	A Nosa Terra	século XXX a. C.

Iremos vendo como Luguís Freire pon a narrativa ao seu servizo co obxecto de acadar un obxectivo superior, a grande teima de toda a súa obra e, por extensión, de toda a súa vida que é, como dixemos, colaborar co espertar das consciencias dos galegos, facelos conscientes dos abusos que o centralismo lles está a impor e da necesidade de reivindicación das súas orixes e de dignificación do seu presente. Precisamente neste aspecto é onde entra en xogo o emprego narrativo da historia que, como apuntabamos anteriormente, non se erixe en motivo central da narración pois esta debe aspirar a máis altas causas senón que se pon ao servizo do autor para exemplificar fundamentalmente abusos cometidos contra o pobo galego e propor modelos de actuación desde un criterio de *auctoritas* que parte desas alusións ao pasado. A mensaxe final da maioría dos relatos enriquecese coas referencias históricas e, por tanto, non é unicamente a ensinanza dun modelo de actuación senón que permite a adquisición, por parte dos lectores, do

coñecemento de que a revolución xa está feita (ou xa estivo feita), a rebelión é posíbel e máis aínda, lexítima posto que vén referendada pola historia.

A profesora Celia Fernández Prieto afirma que:

La novela histórica viene a satisfacer una demanda social, un deseo de conocer el pasado de la nación que la historiografía no estaba aún en condiciones de cumplir. La novela histórica ocupó ese vacío y en ella el público lector encontró respuesta a su sed de conocimientos de historia (Fernández Prieto: 90).

Ao referírmonos á narrativa lugrisiana non podemos considerar ao cen por cen a validez desta afirmación posto que, como sinalamos nun primeiro momento, a brevidade do xénero imponse outras características que afectan tamén á repercusión que o elemento histórico terá nel. Así, en primeiro lugar, debemos considerar o feito de que, pese a súa posterior compilación, non se trata de libros, de obras que o lector teña que procurar partindo dun certo preconceito, dunha aspiración sobre as mesmas; son relatos breves, publicados en xornais e revistas, repetidos nun importante número de ocasións e que chegan, por tanto, ás mans do lector sen que este os demande. Tendo en conta estas peculiaridades quizais non debamos considerar que a intención fundamental é a de satisfacer os gustos do público (que debe existir tamén, por contra non sería posíbel a publicación de textos de Lugo durante décadas) senón xerar, crear un interese por Galiza e todo o que con ela teña a ver.

Esta intencionalidade aleccionadora da narrativa lugrisiana converxe cunha das características do xénero histórico na etapa contemporánea, onde o obxecto principal da narración non é a recreación fidedigna dos feitos senón a súa reconversión co fin de pór a historia a disposición do narrador e non ao contrario.

La novela histórica moderna continúa la tradición genérica anterior que respetaba en sus líneas básicas los hechos históricos establecidos. Pero ahora el objetivo no es reconstruir los hechos sino ofrecer una interpretación moral, emocional, incluso espiritual de los mismos. Los materiales históricos (hechos, personajes, escenarios...) se someten a los proyectos estéticos del autor y no a la inversa. (Fernández Prieto 2003: 127).

Dividimos en dous grupos principais os trece relatos seleccionados para a nosa análise atendendo ao período histórico que presentan, esta mesma clasificación proporcionaranos, como veremos, certo achegamento á estruturación dos textos segundo unha perspectiva intencional; así nunha primeira aproximación encadramos os relatos de Lugo Freire en dous grandes períodos históricos: Idade Antiga e Idade Contemporánea, deixando fóra desta clasificación tres textos.

En primeiro lugar faremos referencia a estas dúas excepcións non encadrábeis temporalmente en ningún dos períodos antes mencionados. Nesta situación áchanse “O penedo do crime” (1884), “Unha regueifa” (1907) e “A espada do fidalgo” (1908)<sup>3</sup>. Este último ambiéntase en 1658 e ten por protagonista a un personaxe histórico: Pedro de Aldao, fidalgo da Taboexa<sup>4</sup>. O fidalgo é presentado no relato como o único heroe galego consciente da súa galegitude e comprometido coa súa terra ao ser deostado por outro nobre, o señor de Guimarei, cando rexeita participar na guerra contra os portugueses. A xustificación ofrecida por Pedro de Aldao constitúe a maior parte do corpo do relato e fundaméntase na unidade histórica de galegos e portugueses, esquecida agora polos primeiros que desatenden aos seus irmáns lingüísticos e culturais por se acharen baixo a opresión castelá. O fidalgo racha a súa espada antes de verse obrigado a loitar con ela contra os portugueses.

Non sabedes, meu nobre parente [diríxese ao señor de Guimarei], que estades forxando os grilóns da cadea que ten de escravizar para sempre á nosa patria, que despois verá os seus costumes, a súa fala, as súas leises, todo canto é seu, aldraxado, perseguido por xentes que nós desprecian moito

¡Seguide vós esas bandeiras! Eu teño que ouír a voz da razón, que me di que Portugal é noso irmán e que co el debemos vivir baixo das mesmas tendas!

O motivo temático “oculto” tras estas liñas é evidente aos ollos de calquera lector. A desunión e o confronto con Portugal non trae máis que angustia e desastres para os galegos que, en renegando dos portugueses, renegan tamén de si mesmos e asimílanse cada vez máis co poder castelá tan alleo historicamente a eles. A parte fundamental do relato está constituída pola reflexión neste sentido de Pedro de Aldao, episodio de imposible contraste coas fontes históricas mentres que a guerra de secesión de Portugal (1640-1668), feito abundantemente documentado fica relegada ao plano exclusivamente contextual.

O segundo dos textos excluído dos grandes bloques cronolóxicos é “O penedo do crime”. Subtitulado “Lenda das Mariñas”<sup>5</sup>, supón unha excepción dentro do conxunto da

---

<sup>3</sup> Para consultar unha análise demorada deste relato pode acudirse á seguinte referencia: Vázquez Souza, Ernesto (2007): “A espada do fidalgo”. I. Sobre um conto lusista de Manuel Lugris Freire” en *Portal Galego da Lingua* (<http://www.agal-gz.org/modules.php?name=News&file=article&sid=3520>, consultado por última vez en xullo de 2008).

<sup>4</sup> Existen dous “Pedro de Aldao” (tío e sobriño) nun mesmo período histórico. O relato de Lugris semella feito sobre unha mestura dos dous.

<sup>5</sup> Kurt Spang trata de delimitar o que denomina subxénero da novela histórica prescindido doutros subxéneros como a autobiografía, a crónica ou o diario que considera limítrofes con este. Inclúe a lenda nesta nómína de subxéneros diferenciados afirmando: “es quizá el género que más se aleja de la historia documentable, acercándose al ámbito de lo mitológico”. (Spang 1995: 69). Non entramos nestas consideracións aínda que si temos en conta a súa posterior referencia ao complexo da delimitación xenérica

narrativa lugrisiana posto que supera en extensión aos demais relatos, de feito vén sendo considerado tradicionalmente como unha novela breve (Campos Villar 2006: 39 e Fernández Costas 2006: 88). Publicado por entregas en *El eco de Galicia* entre setembro e decembro de 1884 baixo o pseudónimo de L.U.Gris, ábrese coa seguinte referencia temporal: “Eran as doce dunha noite de febreiro do ano de 1790”. Esta apertura que centra o relato deste o punto de vista temporal e habitualmente tamén xeográfico vai ser recorrente nas narracións de Lugrís Freire, tal e como sinala Fernández Prieto (2003: 211):

Constituye un rasgo dominante del género situar la diégesis en un tiempo pasado en relación al presente del lector. Importa además marcar de inmediato esa distancia temporal y por eso en la primera página, a veces ya en la primera línea o en el título, se proporcionan los datos y las referencias cronológicas concretas en que se va a desarrollar la acción: el siglo, el año, incluso el mes o el día de los sucesos.

O texto non conta con interese para a nosa análise posto que o motivo temático é claramente sentimental, de tipo folletinesco e a ambientación temporal non ten relevancia algunha para o desenvolvemento da trama. Malia isto non podemos deixar de salientar a inclusión de referencias a personaxes históricos co obxecto de proporcionarlle verosimellanza ao desenvolvemento dos feitos:

...dúas mulleres e un home, que camiñaban cara á Tenencia donde os condes de Andrade tiñan naquel tempo a casa da recolleita de rentas.

Novamente seguindo á profesora Fernández Prieto (2003: 211) constatamos así unha outra característica propia do xénero histórico malia estar presente neste texto:

El tiempo de la historia se confirma además mediante alusiones a acontecimientos o personajes de la política, de la cultura, de la ciencia, del arte... que forman parte del mismo contexto histórico.

O último dos relatos non encadrábeis en ningún dos grandes períodos tratados na narrativa de Lugrís Freire é “Unha regueifa”, publicado o 19 de decembro de 1907 n’*A Nosa Terra* e ambientado no ano 1337. Novamente a ambientación xeográfico-temporal aparece no primeiro parágrafo da narración:

---

entre obras tan próximas ao igual que fan outras estudiosas da materia como Fernández Prieto ou Maria de Fátima Marinho. No caso de “O penedo do crime” desbotamos unha análise exhaustiva exclusivamente pola escasa repercusión que teñen no desenvolvemento da obra as referencias históricas.



O moi alto señor don Fernán Pérez, conde de Andrade festexaba o día do seu santo cunha regueifa, na que habían de loita-los desidores e trobadores de máis sona dos seus estados, no ano de 1337.

Fernán Martís dirixe as quendas dunha regueifa na que interveñen diferentes personaxes: unha moza fidalga da familia de Colmelos cun romance, un mozo fidalgo dos Marzoas cunha cantiga de amor e Minia, doncela dos Freires de Mondego. Dos tres, Minia, a única individualizada mediante a asignación dun nome propio, será a única que recite en galego e cun verso galego emocionando aos presentes polo que é declarada gañadora.

Naqueles tempos os desidores trobaban en galego, lingua que lograra unha grande perfeición para a gaya ciencia. Martis e mailo Conde, tomaron como un aldraxe que na súa nobre presenza se cantara nunha fala estrana que tamén falaban os mouros e os xudaizantes.

– ¡Minia! ¡Minia fidalga e fermosa, que levas no teu espírito o bico dos nosos grandes trobadores doutros tempos! [...] ti cantaches na lingua das nosas nais, na nobre fala en que Alfonso o sabio fixo os seus loubores á Virxe Sancta María!

Deixamos polo momento este relato para facermos referencia a el dentro do grupo que introducimos a seguir, o dos relatos ambientados na Idade Antiga, posto que o maior afastamento temporal de “Unha regueifa” facilita a análise xuntamente con “Lenda de Brigo”, “O primeiro sangue”, “A libertade, o lobo e mail-o can” e “O verbo”.

Segundo a orde cronolóxica interna o primeiro dos textos a tratarmos é “Lenda de Brigo”, publicado por vez primeira n’ *A Nosa Terra* o 1-VII-1924 e que narra a chegada ao que hoxe é a cidade da Coruña dos que serán os primeiros poboadores de Galiza. Neste caso, como vemos, o tema do relato é plenamente histórico. O encadramento temporal sitúase no século XXX a. C: “Trinta séculos tiña que camiñar a vida ata o nascimento do noso señor Xesucristo, cando foi chegada aquela noite de plenilunio no mes do froecido maio”. Nove barcas onde se desprazan os *calls*<sup>6</sup> da tribo de Breogán, chegados desde a mítica cidade de Tartesiábriga, situada na Atlántida arriban á costa da Coruña, ás Adormideiras. Tras unha cerimonia toman posesión das novas terras coa seguinte advertencia dunha druidesa a Brigo, xefe da expedición:

Brigo, pai e señor dos calls, xa tiveche a visión das terras que os teus fillos teñen de poboar. Un vello sino tennos dito que este pobo será, no intre de moitos séculos, aldraxado e perseguido, mais esta pedra, en que ti pousas a túa cabeza, será o sagro Altar dos grandes destinos da raza, que, eternamente vencida, será eternamente

---

<sup>6</sup> Non achamos mención algunha aos “calls” nin a Tartesiábriga, a mesma alusión á Atlántida que se fai inmediatamente parece advertir que se trata en todos os casos de referencias imaxinarias; aínda así a proximidade fonética entre “calls” e “calaicos”, é dicir, galegos, resulta evidente.

dominadora pola súa altísima intelixencia, e pola súa alma forte, unxida en soidades infindas.

O motivo histórico serve neste caso como escusa para a introdución dun vaticinio, unha predicción sobre un futuro afastado desde o punto de vista do tempo interno na narración mais que coincide co presente (ou en calquera caso cun pasado moi recente) dos lectores de Lugrís. A pretensión da narración non é, como noutros casos, unha chamada á revolta senón unha apelación á esperanza afirmando que o sufrimento e a aldraxe determinaban historicamente o destino dos galegos que malia isto sairán vencedores polas súas superioridade a outros niveis.

“O primeiro sangue” sitúase espacialmente nas terras do Nilo e aínda que a referencia temporal é inconcreta: “Nos tempos dun vello Tolomeo”<sup>7</sup> non cabe dúbida de que se trata do antigo Exipto. O inicio da narración sitúanos nun tempo e nun espazo que fan que poidamos pensar que a trama parte de feitos reais mais que rapidamente se adiviña como motivo para desenvolver unha narración metafórica onde uns labregos piden consello sobre diferentes problemas que asolagan o seu país a un veciño seu que teñen por sabio, o sabio Sponto que lles aconsella en repetidas ocasións (ladrons que os asaltan polos camiños, mala situación económica e política do país, etc) que acudan á xustiza como órgano lexítimo para a solución dos seus problemas; na derradeira consulta os labregos afirman que é a xustiza por medio dos xuíces quen está a abusar deles de forma que o sabio Sponto lles recomenda tomar xa a xustiza pola man.

A vinculación entre o conflito presentado no relato e a situación dos labregos e mariñeiros galegos a principios do século XX establécese con claridade, sendo evidente a alternativa ofrecida por un Lugrís que vén de fundar Solidaridad Gallega.

“A liberdade, o lobo e mail-o can”, foi publicado n’*A Nosa Terra* o 4 de xuño de 1908, Comeza igualmente con referencias temporais a un pasado afastado mais moitísimo máis inexactas que no relato anterior malia compartiren Exipto como referente espacial.

Consta nun vello pergameo, atopado nos cimentos dunha pirámide exipcia, que aló nos comenzos da historia, dinantes de que os fillos de Tiro e Sidón viñesen nas súas barcas raras e fermosas a visita-las praias de Iberia, os cans non eisistían.

Introducindo en primeiro lugar a lenda sobre a domesticación dos cans. O título da narración vai acompañado dunha aclaración: “Imitación dunha fábula de Lafontaine” que xunto coa referencia ao lobo e o can do mesmo xa introduce o xénero a desenvolver,

---

<sup>7</sup> Campos Villar (2006: 117) indica que “son moitos os reis de Exipto con este nome entre o século III e II antes de Cristo”.

póndonos, como lectores, na tesitura da irrealidade que nos fará agardar do relato unhas características determinadas, entre elas a necesaria existencia dunha conclusión moralizante. O motivo principal é a conversa entre un lobo famento e un can ben alimentado. O can promételle ao lobo ter comida cando queira se se avén a vivir en compañía dos humanos, o lobo pensa ceder mais finalmente prefire a vida errática á seguridade carente de liberdade.

A defensa da liberdade como valor superior a outros moitos pode semellar ser esta conclusión moralizante da fábula mais considerando a inexistencia doutros relatos protagonizados por animais na narrativa de Lurgís e tendo en conta as frecuentísimas referencias ao asoballamento dos galegos quizais debamos ter en conta a apertura doutras posibles liñas de lectura que pasan pola consideración de que o autor está a facer unha arenga aos galegos para que recobren a súa liberdade, para que se decidan a vivir de xeito independente aínda que conten con menos recursos fronte á existencia que actualmente teñen dependendo de outros para obter calquera beneficio até o punto de que é ese outro quen rexe sobre a súa autonomía.

Finalmente, cunha ambientación temporal situada tamén nun pasado afastado, contamos con “O verbo”, publicado na segunda edición dos *Contos de Asieumedre* (1920) cuxo comezo é o seguinte:

Nos tempos en que Zoroastro recibía no ceo do deus Ormuzd “a palabra da vida”, – seis mil anos dinantes do nacemento de noso señor Xesucristo–, había unha comarca fermosa e farturenta, nomeada Anthorque, que lindaba coas augas do mar Caspio. En ningures, non sendo no occidente da Iberia, podía acharse terra máis deleitosa.

O relato ambiéntase no paraíso dos persas, onde as almas dos mortos aseguran botar de menos a súa terra natal e, por iso, solicítanlle ao deus Ormuzd<sup>8</sup> un ceo que se asemelle ao seu. A obra acada tal grao de perfección e causa tanta felicidade entre as almas que o porteiro do paraíso solicita audiencia con Ormuzd para preguntarlle que debe facer para non deixar pasar a todos os anthorqueses que cheguen alí atraídos polas marabillas do lugar ao que Ormuzd lle responde que só deben pasar os falantes de Anthorqués. Reproducimos parte do diálogo entre o porteiro e un anthorqués:

Un día petaron na porta do ceo.  
– ¿Quen chama?  
– Un anthorqués que quere entrar na parte do ceo que lle corresponde.  
– Ti non es anthorqués porque falas o zendo.  
– Eu son nado en Anthorque.

---

<sup>8</sup> En realidade trátase dun nome que coincide tanto co de catro reis persas diferentes con reinados entre os séculos III e V d. C. como co do deus principal do Zoroastrismo tamén coñecido como Ahura Mazda.

- Pois fala entón na túa lingua.
- A non adprendín porque era fala de sudras.
- Pois daquela non entrarás. A sinal divina do verbo nativo non brila no teu espírito.
- ¿E a donde teño de ir entón?
- Ao inferno, que no ceo non poden ser ademitidos os desleigados que faltan á lei de Ormuzd.

Comentados xa todos os relatos que encadrabamos dentro da epígrafe da Idade Antiga e sumándolle a estes “A regueifa” ambientado na Idade Media non cabe dúbida do comentado uso particular da historia que fai LUGRÍS. Pon ao seu servizo o tempo máis afastado cronoloxicamente do momento actual para exemplificar comportamentos: a connotación positiva da lingua en “Unha regueifa” que se converte mesmo en redentora na narración da que acabamos de falar<sup>9</sup> e a necesidade de procurar autonomía con respecto ao centralismo castelán (“A liberdade o lobo e mail-o can”) que enche de problemas innecesarios e abusos as terras galegas (“O primeiro sangue”) mantendo sempre a fe nas propias capacidades (“Lenda de Brigo”).

Fronte a estas narracións cuxo referente temporal é un pasado afastado na liña cronolóxica do tempo achamos un segundo grupo, composto polos textos ambientados na Galiza contemporánea, recollendo, nalgún casos, feitos acontecidos durante a vida do propio LUGRÍS. Os relatos que contemplaremos dentro desta epígrafe son os seguintes: “Pola patria”, “A illa milagreira”, “O carneiro”, “Tiña razón”, “A labor do poeta” e “O francés”.

Novamente o primeiro que debemos facer é destacar dentro do grupo os relatos que usan a ambientación histórica como un elemento accesorio máis para a caracterización narrativa, isto é, sen que teña relevancia algunha para o desenvolvemento da trama, a elección dos personaxes ou a mensaxe que se pretenda (se é o caso) transmitir. Deste xeito, do grupo inicial composto por seis relatos debemos eliminar polo carente interese que amosan para o noso estudo “A illa milagreira” onde se conta a lenda que rodea ás propiedades de aumento da fertilidade que posúe a Illa de Sálvora, cuxo inicio se fixa no ano 1840 por medio da historia incrustada no relato xeral que narra un personaxe (un mariñeiro) ao propio narrador protagonista; “O carneiro”, situado cronoloxicamente no ano 1972 mediante unha referencia imprecisa: “Aló polo ano 72...” que nos transmite a

---

<sup>9</sup> A dignificación da lingua como tema xeral non é a única liña de lectura que nos ofrece “O verbo”. Dada a experiencia de LUGRÍS na Habana e tendo en conta que o sadense é moitas veces o único autor que colabora en galego en calquera tipo de publicación (alén das numerosas referencias a súa expresión oral tamén exclusivamente en galego tal e como se sinala no Boletín de la Real Academia Gallega ao facer referencia ás súas intervencións nos plenos) podemos entender este conto como unha chamada de atención aos galegos da emigración, para que non abandonen a súa lingua.

burla que Sabela, moza galega, fai un soldado andaluz de sobrenome “El Conquistador” e “O francés” que garda certa relación con este último pola aparición do estranxeiro burlado (neste caso lingüisticamente) pola galega. O desenvolvemento narrativo deste último relato produciríase na coetaneidade de Lugo mais os antecedentes familiares presentados da froiteira lévannos até 1823 e son aproveitados para facer unha crítica á invasión francesa e unha loubanza da actitude combativa dos galegos que, como veremos, se repetirá nalgún outro relato.

Así acontece, precisamente, con “Pola Patria” subtulado: “Episodio da guerra da Independencia en Galicia”. Este é un dos relatos fundamentais dentro da análise dos elementos históricos dentro da narrativa lugrisiana. Sitúase temporalmente de xeito moi preciso xa na primeira liña da narración: “Era o día primeiro de San Xoán do ano de 1809” e xeograficamente a seguir: “A pequena e poética vila de Sada foi sorpresa aquela mañán polo ruído que na rúa principal facía o forte galopar de algúns cabalos”. A historia recrea unha imaxinada conversa entre uns supostos personaxes históricos: un capitán do exército francés e o alcalde do concello de Mirafrores. O soldado francés esixe unha barca para cruzar a ría da Coruña. O alcalde semella aceptar mais o lector recibe información sobre diferentes antecedentes biográficos do personaxe (entre outros feitos, a existencia dun tío asasinado polos franceses que xura vingar) que o prevenen e lle permiten saber desde o principio que non colaborará cos invasores. O alcalde, don Rafael Colmelo, aparelha a barca e procura un mozo, Chocos, para que axude na viaxe. Afirma o narrador deste rapaz:

O que estos ringlós escribe coñeceuno, e oeu dos seus labios este feito que non deberan esquecer endexamais os bos patriotas.

Forzando a verosimilitude a través da referencia a un dos protagonistas da historia que actuaría como “narrador intermediario” para que o auténtico narrador da historia que estamos a ler teña coñecemento directo dos feitos.

Rafael Colmelo, que comprende o francés, ouve durante a travesía que os soldados teñen misión de avisar aos destacamentos de Pontedeume e Ferrol para que se unan posto que os galegos contan xa cun exército popular numeroso e organizado. Engade aquí o narrador un novo dato que trata de que o lector non poida cuestionarse os feitos: “Faltaban aínda cinco días para a batalla do Ponte Sampaio, de eterna lembranza”. Chegados á metade da viaxe, Rafael dirixe unha última mirada cara a súa vila e exclama: “¡A patria o que quere!”, quita un tapón do fondo da embarcación e, cando esta comeza a se encher de

auga, crava unha espada no peito do capitán francés. Morren todos agás Chocos de quen se di que salvou a vida por nadar e mergullarse coma un muxe.

O texto vai acompañado dunha nota a rodapé do autor (que asina neste caso como Roque d'as Mariñas) en que se di: “Este feito, con lixeiras variantes, é certo”, introducindo un terceiro recurso para asegurar a efectividade do seu finximento da realidade histórica.

É neste texto onde Lugrís procura con máis afán a verosmellanza, non só pola utilización do recurso de se integrar na diéxese afirmando que escoitou a historia directamente da boca do único supervivente do episodio senón que achega datos cronolóxicos moito máis exactos que os incluídos na maior parte das narracións, mesmo ampliando a exactitude temporal coa referencia xa *in media res* á batalla de Sampaio e introducindo unha nota da súa autoría que recalca o carácter histórico e, por tanto, “verídico” dos feitos. Tal e como acontecía en “A espada do fidalgo” todo o que rodea aos personaxes é auténtico mais non o é (ou cando menos é imposible a súa comprobación) a propia actuación dos mesmos. Ao tempo estamos novamente perante unha das historias con sentenza final, con lección para o lector que, máis unha vez, fica clara: non importa a morte se se trata de morrer pola patria.

¡Tiña razón!, o segundo dos relatos que abordaremos neste apartado, mantén tamén esta intención moralizante. Non é unha narración de grande interese pola relevancia da súa precisión historiográfica senón porque reflicte un feito destacado buscando nel a faceta máis humana, a que pode aproximalo máis á xente e, mesmo, provocar nela un sentimento de saudade. Segundo afirma Fernández Prieto (2003: 190) ao referirse á novela histórica situada nun pasado recente:

Los acontecimientos del pasado cercano ejercen un mayor impacto emocional sobre autores y lectores y son objeto de polémicas o de enfrentamientos ideológicos muy crispados.

O texto ambiéntase no 12 de febreiro de 1873, o protagonista máis ben pasivo é don Crisanto Vidal, mestre de escola que lles comunica aos seus alumnos (entre os que se sitúa o narrador)<sup>10</sup> a chegada da primeira república (instaurada o día anterior). Os nenos saen da escola e van polos camiños berrando, choutando e cantando, máis motivados, se cabe, pola alegría que se desprende de todos os que se cruzan. Chegados á vila, en compañía dun gaiteiro, unha vella, alcumada “A Portuguesa” require ao narrador chamándolle Asieumedre para saber cal é o motivo de tanta ledicia, o neno responde que

---

<sup>10</sup> Dado que Lugrís contaba con dez anos no tempo histórico en que se desenvolve a narración non deixa de resultar significativo que se inclúa como neno na escola co nome de Asieumedre.

chegou a república e a vella replica: “a cousa non é para tanto, que por moitas voltas que dea o mundo quen nos amole nunca nos ha de faltar”.

Constitúe este relato, polo pesimismo nel latente, unha excepción dentro da liña narrativa de LUGRÍS FREIRE tendente sempre á caracterización final positiva ou á argumentación da fortaleza do pobo galego fronte a calquera período de incerteza.

Por último, “A labor do poeta” non é xa exactamente un relato. Sitúase no ano 1888 e aspira a ser unha breve crónica das vivencias de Manuel Curros Enríquez en Cuba. Non responde, pois, este texto á mesma construción que podemos apreciar en calquera dos anteriormente sinalados ou, de xeito xeral, en calquera das mostras de narrativa breve que LUGRÍS nos deixou. A función divulgativa supera neste caso a calquera afán de beleza ou orixinalidade narrativa e o obxecto central e único do texto pasa a ser o feito de dar a coñecer diversos acontecementos biográficos de Curros na súa etapa na Habana, incidindo na relevancia da súa obra e, nomeadamente, na recepción que se lle reportou en diferentes entidades societarias. Ocúpase LUGRÍS na maior parte do texto de recrear o nomeamento de Curros como presidente de honra da sociedade Aires da miña terra e no acto que se celebrou para conmemorar este feito; Curros é descrito durante este acto festivo como un personaxe tristeiro e desacougado que pronuncia un discurso reproducido por LUGRÍS coa nota a rodapé de “Histórico”. O suposto parlamento de Curros é aproveitado por LUGRÍS para facer unha crítica á división que comezaba a acubillarse entre os emigrados galegos membros de diferentes sociedades e agrupacións.

Como conclusión, dun xeito breve, podemos comprobar coa lectura das narracións de LUGRÍS FREIRE que a historia é un elemento significativamente presente nos seus textos sempre tendo en conta que, como na maior parte dos seus relatos, os ambientados noutras épocas ou protagonizados por personaxes históricos van presentar tamén unha liña de lectura alternativa á literal na que a defensa de Galiza e dos seus intereses está por riba de calquera outra finalidade.

As diferenzas entre os relatos ambientados en épocas cronoloxicamente máis afastadas e aqueles que están situados temporalmente nun pasado máis recente non son apenas perceptíbeis, de feito o autor emprega en todos os casos os mesmos recursos e mantén unha serie ben delimitada de liñas temáticas.

A historia en Lugo non ten, como fomos vendo, un fin divulgativo, ou se o ten só podemos dicir que este se ve moi limitado. As referencias históricas son un elemento máis que pór ao servizo do afán aleccionador sobre Galiza e a súa particular problemática que é a pretensión básica do autor en todo momento e no conxunto da súa obra tanto literaria como xornalística.